

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027411	IES de Cacheiras	Teo	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Ámbito lingüístico social	3º ESO	12	420

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	42
4.2. Materiais e recursos didácticos	43
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	44
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	44
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	46
6. Medidas de atención á diversidade	46
7.1. Concreción dos elementos transversais	47
7.2. Actividades complementarias	48
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	48
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	49
9. Outros apartados	50

## 1. Introducción

O IES de Cacheiras está situado en Cacheiras, parroquia de San Simón de Ons, pertencente ao concello de Teo que ten algo menos de 19 000 habitantes e está en pleno proceso de transición dunha configuración rural e agraria a outra urbana e dedicada sobre todo ao sector servizos. O alumnado procede de tres centros adscritos: CEIP de Calo, CEIP da Ramallosa e CEIP dos Tilos e reside, maiormente, no medio rural e en pequenas urbanizacións asentadas nel. Maioritariamente xa non ten o galego como lingua habitual, sendo cada vez máis residual o número de alumnos e alumnos que son galegofalantes, ao tempo que aumentan os que teñen importantes problemas para expresarse en lingua galega.

Este centro ofrece ensinanzas de ESO (1º, 2º, 3º, 4º, 3º e 4º Diversificación curricular) e mais de Bacharelato. En canto ás infraestruturas, dispón de biblioteca, salón de actos, dúas aulas de informática, tres laboratorios, tres aulas de desdobres, aula de audiovisual, dúas aulas de apoio, cafetería, instalacións deportivas exteriores, ximnasio e mais encerados dixitais e equipos informáticos en todas as aulas e tamén para todo o alumnado de ESO debido á participación en E-Dixgal.

Neste curso 2023-24 temos un grupo de PDC en 3º de ESO con 8 persoas, das cales 5 proceden de 2º PMAR, outras dúas do 2º ordinario e un alumno está repetindo. Da docencia do Ámbito lingüístico e social ocuparanse Yolanda García Gallego (Lingua estranxeira) Rosa Salgueiro Salgueiro (as demais materias do ámbito: Lingua galega, Lingua castelá e Xeografía e Historia).

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar e comprender a natureza histórica das relacións sociais, das actividades económicas, das manifestacións culturais e dos bens patrimoniais materiais e inmateriais que compartimos, analizando as súas orixes e evolución e identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos, os problemas actuais e os seus valores presentes, para realizar propostas que contribúan a respectar os sentimentos de pertenza, o benestar futuro e o desenvolvemento da sociedade.	1-2-3		5	1-2-3	1-3	1-4	1	1-2-3
OBX2 - Comprender as orixes e a evolución dos procesos de integración europea e a súa relevancia no presente e no futuro da sociedade española e das comunidades locais, destacando a contribución do Estado, as súas institucións e as entidades sociais á paz, á cooperación internacional, á cohesión social, á solidariedade territorial, ao desenvolvemento sustentable e á cidadanía global con base nos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, para contribuír a crear un mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto no que se recoñeza a conformación dunha realidade multicultural e se valore a contribución dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión evitando discriminacións e violencias.	1-2-3		1	1-2-3	1-3	2-3-4	1-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX3 - Valorar os principios básicos do sistema democrático e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, analizando de forma crítica as formulacións históricas e xeográficas, as institucións e as diferentes organizacións políticas e económicas en que se manifestan, para adecuar o comportamento propio ao cumprimento dos devanditos principios.	1-2-5	3	1	1-2-3	1-3	2-3-4	2	1-3
OBX4 - Comunicar en lingua castelá e galega de maneira cooperativa e respectuosa, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos e á súa adecuación a diferentes ámbitos e contextos, para dar resposta a necesidades concretas	1-2-4-5	1-2-3	1-4	1-2-3-4-5	1-2-3-4	1-3	1-3	1-2
OBX5 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala, adoptando un punto de vista crítico e persoal á par que respectuoso coa propiedade intelectual.	1-2-3-5	1-3	2	1-2-3-4-5	4	3	1-3	2-4
OBX6 - Ler, interpretar e valorar fragmentos literarios do patrimonio nacional e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais para establecer vínculos entre textos diversos co fin de conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozar da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4-5	1-2-3	1	1	1	1-3	1-3	1-2-3-4
OBX7 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía adecuada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	1-2-3	2-4	2-3	4-5	1-3-4	1-3	1-2-3
OBX8 - Comprender e interpretar, en lingua estranxeira, o sentido xeral e os detalles máis relevantes de textos expresados de forma clara e na lingua estándar, buscando fontes fiables e facendo uso de estratexias como a inferencia de significados, para responder a necesidades comunicativas concretas.	2-3	1-2	1	1	5			2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX9 - Producir, en lingua estranxeira, textos orixinais, de extensión media, sinxelos e cunha organización clara, usando estratexias tales como a planificación, a compensación ou a autorreparación, para expresar de forma creativa, adecuada e coherente mensaxes relevantes e responder a propósitos comunicativos concretos.	1	1-2	1	2	5			2
OBX10 - Interactuar en lingua estranxeira con outras persoas con crecente autonomía, usando estratexias de cooperación e empregando recursos analóxicos e dixitais, para responder a propósitos comunicativos concretos en intercambios respectuosos coas normas de cortesía.	5	1-2	1	3	3	3		
OBX11 - Mediar en situacións cotiás entre distintas linguas, usando estratexias e coñecementos sinxelos orientados a explicar conceptos ou simplificar mensaxes, para transmitir información de maneira eficaz, clara e responsable.	5	1-2-3	1		1-3	1-3		1
OBX12 - Ampliar e usar os repertorios lingüísticos persoais entre distintas linguas, reflexionando de forma crítica sobre o seu funcionamento e tomando conciencia das estratexias e coñecementos propios, para mellorar a resposta a necesidades comunicativas concretas.		2	1	2	1-5			

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Lemos e opinamos	Esta unidade desenvolverase ao longo de todo o curso por canto se refire á lectura de libros en castelán e galego (guiada e semiautónoma) e á realización de diversas tarefas para compartir a experiencia lectora.	11	40	X	X	X
2	Investigamos, analizamos, explicamos	Tamén é unha unidade transversal na que se realizarán exposicións orais planificadas en galego e castelán sobre diversos temas do currículo ou de interese persoal, despois dunha fase de busca, selección e procesamento de información.	8	15	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	Aprendemos, planificamos, escribimos	Unidade transversal dedicada a producións textuais diversas, individuais ou en grupo, a partir de modelos previos sobre distintos temas de actualidade ou do currículo, presentadas en distintos formatos e soportes.	19	30	X	X	X
4	A orixe de todas as historias	Abordaremos a orixe do galego e a súa historia e literatura na Idade Media, así como os primeiros textos literarios en castelán e os máis representativos desta mesma etapa. Revisaremos o substantivo, adxectivo e determinantes, xunto coa creación de palabras e a ampliación léxica. Tamén repasaremos a acentuación e casos difíceis de ortografía, ademais do uso de maiúsculas. Ampliaremos coñecementos sobre as propiedades textuais e os tipos de texto, así como os xéneros e os recursos literarios. Finalmente, abordaremos os enunciados e as frases.	8	60	X		
5	A actividade económica. Non hai planeta B	Traballaremos sobre a actividade económica, os sectores económicos e o desenvolvemento sustentable.	4	30	X		
6	Horizontes renovados	Abordaremos a historia da lingua galega e da literatura no século XIX, especialmente Rosalía de Castro e a produción literaria do Renacemento e o Barroco en castelán, en particular El Lazarillo. Ampliaremos o léxico e aprenderemos sobre estranxeirismos, préstamos e neoloxismos. Traballaremos con textos dos medios de comunicación (reportaxe, entrevista e podcast) e con textos expositivos, aproveitándoos para revisar os pronomes, os verbos e os tipos de frases. Insistiremos na puntuación e seguiremos coa revisión da ortografía.	8	40		X	
7	A Idade Moderna	Abordaremos os principais feitos históricos, a sociedade e a economía na Idade Moderna, ademais de aprender sobre arte renacentista e barroca.	4	30		X	
8	Un mundo diverso	Estudaremos a Curros e Pondal, así como a Cervantes e o teatro de Lope de Vega. Ampliaremos coñecementos sobre as linguas do estado español, o bilingüismo, a diglosia, os prexuízos lingüísticos e a normalización, ademais de tratar as interferencias e as variedades do español. Manexaremos textos argumentativos e publicitarios e ampliaremos o léxico ao tempo que abordamos as palabras tabé, os refráns e modismos e mais as palabras baúl. Por último explicaremos as funcións da oración simple.	9	40			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	A organización política e territorial	Estudaremos os conceptos de democracia e réximes non democráticos, monarquía e república. Abordaremos tamén a organización política de España e de Galicia e a Constitución, ademais das comunidades autónomas e as provincias.	4	30			X
10	Routines and hobbies	Vocabulario: rutina e afeccións. Gramática: Present simple & present continuous/Adverbios de frecuencia/subject pronouns/object pronouns/Possessive adjectives/Possessive pronouns/Partículas interrogativas. Actividades de comprensión oral e escrita relacionadas coa rutina e afeccións. Actividades de produción oral e escrita relacionadas coa rutina e afeccións.	4	17	X		
11	Can you guess the flavour?	Vocabulario: Alimentos e sabores. Gramática: A/an/There is/There are/some/any/many/much/a lot/how many/how much. Actividades de comprensión oral e escrita relacionadas cos alimentos. Actividades de produción oral e escrita relacionadas cos alimentos.	4	17	X		
12	Who is the happiest person in the world?	Vocabulario: Adxectivos referentes á aparencia física e a personalidade. Gramática: Comparative and superlative adjectives. Actividades de comprensión oral e escrita relacionadas coa aparencia física e personalidade. Actividades de produción oral e escrita relacionadas coa aparencia física e personalidade.	4	17		X	
13	Storytelling	Vocabulario: contacontos Past simple: was/were/there was/there were/regular verbs/irregular verbs. Actividades de comprensión oral e escrita relacionadas con contar contos. Actividades de produción oral e escrita relacionadas con contar contos	4	17		X	
14	The future is now	Vocabulario: viaxes. Gramática: Futuro con will/Futuro con going to. Actividades de comprensión oral e escrita relacionadas coas viaxes. Actividades de produción oral e escrita relacionadas coas viaxes.	4	18			X
15	As fit as a fiddle	Vocabulario: saúde e forma física. Gramática: verbos modais para dar consellos e advertencias (can/could/should/ought to/must/have to) Actividades de comprensión oral e escrita	5	19			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
15	As fit as a fiddle	relacionadas coa saúde e a forma física. Actividades de produción oral e escrita relacionadas coa saúde e a forma física.	5	19			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Lemos e opinamos	40

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a diferentes propósitos de lectura.	Ler os libros propostos, comprendendo a información máis importante e a intención dos textos.	TI	100
CA4.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.	Valorar a forma e o contido dos textos lidos, expresando opinións sobre eles.		
CA4.3 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Expresarse cada vez con máis precisión e con corrección, aplicando as normas ortográficas e morfosintácticas do galego e do castelán.		
CA4.4 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia de lectura.	Escoller textos para ler, explicando os criterios de selección.		
CA4.5 - Compartir a experiencia de lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Compartir a súa experiencia de lectura mediante a realización de tarefas diversas e establecendo relacións coa propia experiencia e coñecementos.		
CA4.8 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos con intención literaria a partir de modelos previos en distintos soportes e formatos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores



<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma.</li> <li>- Expresión, a través de modelos, da experiencia lectora e de diferentes formas de apropiación e recreación dos textos lidos.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado dos textos escritos en lingua castelá atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos escritos en lingua galega atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Lectura guiada.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións ou conversacións literarias, debates e disertacións literarias.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos en lingua galega e lingua castelá con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Investigamos, analizamos, explicamos	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura.	Comprender o sentido global de textos diversos, seleccionando a información máis importante.	TI	100
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade, avaliando a calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos e lingüísticos empregados.	Identificar textos de distintas tipoloxías, analizando algunhas das súas características.		
CA3.3 - Realizar exposicións e argumentacións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social ou educativo con fluidez e con coherencia, tanto en galego coma en castelán.	Realizar breves exposicións orais planificadas sobre temas de interese persoal, social ou educativo con fluidez e con coherencia, tanto en galego coma en castelán.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais, no traballo e en situacións orais formais de carácter dialogado, con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.	Participar activamente nas interaccións informais da aula, respectando as quendas de fala e escoitando a opinión dos demais.		
CA3.7 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelabora-la e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico respectando os principios de propiedade intelectual.	Localizar e seleccionar información en distintas fontes, contrastándoa para observar diferenzas e fiabilidade e reelabora-la para comunicala oralmente.		
CA3.8 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación sobre temas de interese persoal, social ou académico, mostrando cada vez máis autonomía.		
CA3.10 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Utilizar a lingua con propiedade, aplicando os seus coñecementos gramaticais para mellorar a expresión oral.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: compoñentes do feito comunicativo.</li> <li>- Análise das compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión e creación de secuencias textuais básicas con especial atención ás expositivas.</li> <li>- Emprego correcto das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa, con especial atención aos actos de fala que ameazan a imaxe do interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde, a reprobación).</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a estrutura e as principais características dos textos científicos, técnicos e humanísticos (explicación, exposición...).</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos. Comunicación emocional.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor.</li> <li>- Produción oral formal. Planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. A deliberación oral argumentada.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Alfabetización informacional.</li> <li>- Busca e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios.</li> <li>- Fontes de información: criterios de procura e selección de información fiable, pertinente e de calidade.</li> <li>- Comunicación e difusión da información de maneira creativa e respectuosa coa propiedade intelectual.</li> <li>- Estratexias de procura e selección de información.</li> <li>- Análise dos riscos e consecuencias da manipulación e da desinformación.</li> <li>- Estratexias de organización da información: a escritura como mecanismo para organizar o pensamento (notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos, etc.).</li> <li>- Achegamento ao emprego correcto do sistema de citación e uso das referencias bibliográficas nas creacións propias.</li> <li>- Utilización responsable das tecnoloxías da información e da comunicación. Dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais, tanto para a procura de información, como para a realización de proxectos escolares.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Aprendemos, planificamos, escribimos	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais de certa extensión atendendo á situación comunicativa, destinatario, propósito e canle; redactar borradores e revisalos coa axuda do diálogo entre iguais e instrumentos de consulta, e presentar un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planificar a redacción de textos escritos de distintas tipoloxías seguindo unhas pautas ou modelos e redactar borradores para crear un produto final coherente.	TI	100
CA3.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas do galego e do castelán, aplicándoas nos seus textos para que sexan correctos.		
CA3.7 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, tanto analóxicas como dixitais, evitando os riscos de manipulación e desinformación e calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura; organizar e integrar a información en esquemas propios, e reelabora e comunicala de maneira creativa adoptando un punto de vista crítico respectando os principios de propiedade intelectual.	Localizar e seleccionar información en distintas fontes, contrastándoa para observar diferenzas e fiabilidade e reelabora con palabras propias.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.8 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social a partir da información seleccionada.	Elaborar traballos de investigación sobre temas de interese persoal, social ou académico, mostrando cada vez máis autonomía.		
CA3.9 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar e puntuar adecuadamente os seus textos, solucionando os problemas que se detecten de modo cada vez máis autónomo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Emprego correcto das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade. O ciberanzol. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor.</li> <li>- Produción escrita. Planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Identificación e emprego de recursos lingüísticos para amosar a implicación do emisor nos textos: formas de deixé (persoal, temporal e espacial) e procedementos de modalización.</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Os tempos de pretérito na narración. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	A orixe de todas as historias	60

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español e do galego, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Coñecer a orixe do galego e do castelán e a súa historia na Idade Media, establecendo comparacións entre as súas situacións.		
CA3.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura.	Clasificar os tipos de textos, explicando a diferenza entre os non literarios e os literarios e distinguindo os principais xéneros.		
CA3.6 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas do galego e do castelán, aplicándoas na revisión dos seus textos, así como usar un caudal léxico cada vez máis amplo e preciso.		
CA4.6 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo a configuración e evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar a interpretación e as características das cantigas de amigo e dos principais textos da literatura española medieval.	PE	100
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establecer relacións entre os textos lidos e outras manifestacións artísticas explicadas na aula.		
CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorporar conectores e signos de puntuación aos seus textos, tratando de evitar a repetición de palabras e empregando a substitución léxica.		
CA5.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Identificar os mecanismos de formación de palabras, analizando a súa estrutura.		
CA5.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Distinguir enunciados e frases, usando a terminoloxía específica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Formular xeneralización sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da manipulación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.	Identificar e clasificar adecuadamente os substantivos, adxectivos e determinantes, describíndoos coa metalinguaxe adecuada.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento sociohistórico das linguas de España, con especial atención ao galego e ao castelán.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Emprego correcto das propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura guiada.</li> <li>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español a partir da Idade Media ata o século XVIII.</li> <li>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego dende a Idade Media ata o século XIX.</li> <li>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal da Idade Media ata o século XVIII.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de par</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, co</li> <li>- Estratexias de construción guiada de conclusións propias sobre o sistema lingüístico. Observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas (morfemas, palabras, oracións). Manipulación de estruturas, formulación de hipóteses, contraexemplos,</li> <li>- Observación das diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.</li> <li>- Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras (funcións sintácticas da oración simple).</li> <li>- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- relacións semánticas entre palabras.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica. Recursos tecnolóxicos para a aprendizaxe da lingua.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	A actividade económica. Non hai planeta B	30

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar os elementos da contorna física e humana e comprender o seu funcionamento e analizar as súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Distinguir as actividades económicas e coñecer os distintos sectores económicos, describindo as relacións e repercusións que teñen sobre o contorno.	PE	65
CA1.4 - Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable, realizando propostas que contribúan ao seu logro.	Coñecer os ODS para realizar algunha proposta que contribúa a alcanzalos.		
CA1.1 - Elaborar contidos propios en distintos formatos, mediante aplicacións e estratexias de recollida e representación de datos usando fontes fiables do presente e da historia contemporánea e xerar produtos orixinais e creativos como proxectos de investigación, incidindo no uso de mapas e outras representacións gráficas, como a interpretación de imaxes, e utilizar secuencias cronolóxicas nas que identificar, comparar e relacionar feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos.	Elaborar pequenos traballos de investigación, de xeito guiado, sobre os distintos sectores económicos, analizando e comentando imaxes, gráficas e mapas.	TI	35
CA1.3 - Idear e adoptar, cando sexa posible, comportamentos e accións que contribúan á conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana, a través do respecto a todos os seres vivos e defendendo o acceso universal, xusto e equitativo aos recursos que nos ofrece o planeta.	Colaborar, dentro das súas posibilidades, con algunha acción que contribúa á mellora do contorno e ao acceso equitativo aos recursos do planeta.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Retos do mundo actual.</li> <li>- Obxectivos e estratexias das ciencias sociais: procedementos, termos e conceptos e métodos de investigación no ámbito da xeografía e da historia.</li> <li>- Procura de información en contornas dixitais e uso específico de léxico relativo aos ámbitos histórico, artístico e xeográfico e elaboración de traballos ou proxectos nos que se faga uso de mapas, gráficas, imaxes.</li> <li>- O comentario de documentos escritos e gráficos. Exposición de ideas e argumentos sobre diferentes temas que se abordan no curso.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos e dos ciclos demográficos.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- O espazo natural, rural e urbano e a súa evolución en España e Galicia.</li> <li>- Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados.</li> <li>- Igualdade de xénero e formas de violencia contra as mulleres. Actitudes e comportamentos sexistas.</li> <li>- Sociedades e territorios.</li> <li>- Os réximes demográficos e o reto demográfico en España e Galicia. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe que dan como resultado a diversidade social, ético-cultural e de xénero .</li> <li>- A distribución desigual de recursos e traballo. O emprego na sociedade actual.</li> <li>- Do éxodo rural á concentración urbana e o problema do despoboamento rural. A importancia do espazo público.</li> <li>- Compromiso cívico e social.</li> <li>- Implicación na defensa e protección do medio ambiente. Acción e posición ante a emerxencia climática.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Horizontes renovados	40

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as súas variedades dialectais, con atención especial ao galego e ao castelán, a partir da explicación da súa orixe e seu desenvolvemento histórico e sociolingüístico, contrastando aspectos lingüísticos e discursivos das distintas linguas, así como trazos dos dialectos do español e do galego, diferenciándoos dos trazos sociolectais e de rexistro, en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Coñecer a historia do galego nos séc. XIX, contrastándoa cos Séculos Escuros.		
CA3.1 - Comprender o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais, escritos e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos, realizando as inferencias necesarias e atendendo a distintos propósitos de lectura.	Comprender o sentido global de textos dos medios de comunicación e expositivos, seleccionando a información máis relevante.	PE	100
CA6.2 - Interpretar e, de forma guiada, valorar o contido e os trazos discursivos de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe, así como de textos literarios adecuados ao nivel de madurez do alumnado.	Interpretar de forma guiada o contido de textos progresivamente máis complexos propios dos ámbitos das relacións interpersoais, dos medios de comunicación social e da aprendizaxe.		
CA6.3 - Seleccionar, organizar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes dos textos; inferir significados e interpretar elementos non verbais; e buscar e seleccionar información veraz.	Seleccionar e aplicar as estratexias e coñecementos máis adecuados en cada situación comunicativa para comprender o sentido xeral, e a información esencial dos textos, buscando información veraz.		
CA6.4 - Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximo á experiencia do alumnado co fin de describir, narrar e informar en diferentes soportes, utilizando recursos verbais e non verbais, así como estratexias de planificación, control, compensación e cooperación básicas.	Expresar oralmente textos sinxelos, estruturados, comprensibles, coherentes e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público.	TI	50

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.5 - Redactar e difundir textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación á situación comunicativa proposta, á tipoloxía textual e ás ferramentas analóxicas e dixitais utilizadas, seguindo pautas establecidas, sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado, respectando a propiedade intelectual e evitando o plaxio.	Redactar textos de extensión media con aceptable claridade, coherencia, cohesión, corrección e adecuación sobre asuntos cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público evitando o plaxio.		
CA6.6 - Seleccionar, organizar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas, a características contextuais, aos aspectos socioculturais e á tipoloxía textual, usando os recursos físicos ou dixitais máis adecuados en función da tarefa e das necesidades do interlocutor ou interlocutora potencial a quen vai dirixido o texto.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para planificar, producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas.		
CA6.7 - Planificar, participar e colaborar de maneira activa, a través de diversos soportes, en situacións interactivas sobre temas cotiáns, de relevancia persoal ou de interese público próximos á experiencia do alumnado mostrando iniciativa, empatía e respecto pola cortesía lingüística e a etiqueta dixital, así como polas diferentes necesidades, ideas, inquietudes, iniciativas e motivacións dos interlocutores e interlocutoras.	Seleccionar e aplicar coñecementos e estratexias para producir, revisar e cooperar na elaboración de textos coherentes, cohesionados e adecuados ás intencións comunicativas mostrando respecto.		
CA6.8 - Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións, resumir, colaborar, debater e resolver problemas.	Seleccionar, organizar e utilizar de forma guiada estratexias adecuadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, solicitar e formular aclaracións e explicacións.		
CA6.9 - Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas en situacións nas que atender á diversidade, mostrando respecto e empatía polos interlocutores e interlocutoras, así como polas linguas empregadas, e participando na solución de problemas de intercomprensión e de entendemento na súa contorna, apoiándose en diversos recursos e soportes.	Inferir e explicar textos, conceptos e comunicacións breves e sinxelas, mostrando respecto e empatía polas interlocutoras e os interlocutores e polas linguas empregadas.		
CA6.10 - Aplicar estratexias que axuden a crear pontes, faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, ás características contextuais e á tipoloxía textual, usando recursos e apoios físicos ou dixitais en función das necesidades de cada momento.	Aplicar estratexias que faciliten a comunicación e sirvan para explicar e simplificar textos e mensaxes, e que sexan adecuadas ás intencións comunicativas, con apoios físicos ou dixitais.		
CA6.11 - Comparar e, de forma guiada, argumentar as semellanzas e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.	Comparar as similitudes e diferenzas entre distintas linguas reflexionando de maneira progresivamente autónoma sobre o seu funcionamento.		



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.12 - Utilizar de forma creativa estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar estratexias e coñecementos de mellora da capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA6.13 - Rexistrar e analizar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso, facéndoos explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de planificación da propia aprendizaxe, autoavaliación e coavaliación, como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas (PEL) ou nun diario de aprendizaxe.	Rexistrar, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando con axuda, as estratexias básicas para superar esas dificultades e consolidar o seu progreso.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición e o desenvolvemento da autoconfianza e da iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Estratexias de uso común para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións cotiás.</li> <li>- Funcións comunicativas de uso común adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar e despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos, lugares, fenómenos e acontecementos; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)</li> <li>- Unidades lingüísticas de uso común e significados asociados ás devanditas unidades tales como a expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas, lecer e tempo libre, saúde e actividade física, vida cotiá, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da infor</li> <li>- Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos padróns.</li> <li>- Convencións ortográficas de uso común e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, padróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais de uso común, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colabora</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura e selección de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas et</li> </ul>

## Contidos

- Estratexias e técnicas para responder eficazmente e con niveis crecentes de fluidez, adecuación e corrección a unha necesidade comunicativa concreta a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do re
- Estratexias de uso común para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, padróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico pers
- Estratexias e ferramentas de uso común para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Expresións e léxico específico de uso común para intercambiar ideas sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

O Programa Diversificación Curricular concíbese desde un en-foque metodolóxico funcional, polo que trataremos os contidos curriculares desde un punto de vista global, práctico, motivador e personalizado, priorizando as aprendizaxes que resulten necesarias para outras posteriores e que contribúan ao desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos xerais da etapa.

Como xa se indicou anteriormente, a materia de Lingua estranxeira vai ser impartida por unha profesora e o resto do ámbito por outra.

Partiremos das seguintes pautas e estratexias metodolóxicas para as materias de Lingua galega, Lingua castelá e Xeografía e Historia:

-por cuestións de operatividade, as 9 sesións semanais vanse dividir da seguinte maneira: 2 sesións para actividades de lectura, 2 para Lingua galega, 2 para Lingua castelá e 3 para Xeografía e Historia.

-por norma xeral, non traballaremos dúas sesións seguidas a mesma materia, para tratar así de que o alumnado estea máis motivado pola variedade tanto de contidos como de tipoloxía de actividades e tarefas.

-tanto a lectura como cine e o uso das TIC van ser elementos centrais na práctica docente. En canto á primeira, creárase unha biblioteca de aula con lecturas diversas, entre as que figurarán os libros de lectura obrigatoria pero tamén outros que irá escollendo o propio alumnado para axudar a desenvolver o seu criterio lector. Deberán ler un libro en galego e outro en castelán cada trimestre; procuraremos combinar a lectura guiada coa lectura autónoma dentro das dúas horas semanais que reservamos, variar as estratexias e actividades de traballo e procurarlles un enfoque activo e lúdico. Ademais, para asentarse tanto o hábito como o criterio lector, promoverase a lectura voluntaria, que se computará tal e como se explicou no apartado de criterios de cualificación. Tamén se empregará o cine como unha importante para a adquisición de coñecementos non só históricos, senón tamén artísticos e de comprensión activa.

-a exposición teórica de contidos por parte da profesora reducirase ao mínimo indispensable, procurará ser motivadora e combinará distintos recursos e soportes para que a interacción do alumnado sexa unha constante.

-tenderase a incorporar cada vez con máis frecuencia o traballo por proxectos e fomentarase o traballo en pequeno grupo (tendo en conta a limitación que nisto supón que teñamos 8 alumnos/as).

-procuraremos ir introducindo progresivamente a autoavaliación e a coavaliación en tarefas concretas; as rúbricas de avaliación servirannos así mesmo para propiciar a reflexión do alumnado sobre o seu propio proceso de aprendizaxe.

Finalmente, o proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque práctico orientado á acción e á comunicación a través de deseños fundamentados na análise de necesidades dirixidos a tarefas da vida real e construídos arredor de noicións e funcións seleccionadas deliberadamente.

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

Dentro da aula, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Recursos dos manuais de E-Dixgal (Netex, Planeta, Edebé)
Materiais complementarios da rede e de elaboración propia
Banco de libros do centro
Biblioteca de aula

Xeografía e Historia, Lingua Galega e Lingua Castelá:

Empregaremos a plataforma E-dixgal como ámbito principal de traballo, na que crearemos un único curso para as dúas linguas (para favorecer a transferencia do coñecemento e axilizar o manexo e consulta dos contidos e actividades) e outro para Xeografía e Historia. Usaranse, como punto de partida, os materiais da editorial Netex (na súa versión Smart), que serán adaptados pola profesora segundo as necesidades do grupo e/ou completados con outros de Planeta e Edebé, recursos da rede ou de elaboración propia. Ademais diso, tamén se botará man do banco de libros existente no centro para poder traballar en papel, ademais de todos os recursos de que nos fornece a biblioteca do centro e da creación da nosa propia biblioteca de aula. Esta biblioteca, que terá carácter flexible e se irá incrementando/modificando co avance do curso, contará de inicio, como mínimo, cos seguintes títulos:

Ledicia Costas: O corazón de Xúpiter, Xerais

Fernando Llor: Subnormal, Panini

Roberto Salgueiro: Eliana en ardentía ou Bernardo destemplado, Xerais

Alicia Jaraba Abellán: Soy la Malinche, Nuevo Nueve Editores

Francisco Castro: A historia de Sara, Galaxia

Javier Ruescas: Pulsaciones, SM

Anémona de Río: A proba de auga, Xerais

Fran Alonso: A punta de pistola, Xerais

Luis Bustos: Fariña (novela gráfica), Xerais

Fina Casalderrey: Mutacións xenéticas, Xerais

Helena Duggan: Unha cidade chamada perfecta, Sushi books

Agustín Fernández Paz: Rapazas, Xerais

Agustín Fernández Paz: Cartas de inverno, Xerais

Xosé Miranda: Pel de lobo, Xerais

María Reimóndez: Fóra do normal, Xerais

Care Santos: Mentira, Rodeira

Carlos Vila Sexto: Gárgola, Galaxia

Kiyohiko Azuma: ¡Yotsuba!1, Norma Editorial

Alicia Borrás Sanjurjo: Nata y chocolate, Anaya

Francesco d'Adamo: La historia de Iqbal, SM

Roald Dahl: Relatos escalofriantes, Santillana

Laura Gallego: Memorias de Idhún (cómic): La resistencia (1ª parte), SM

Laura Gallego: Memorias de Idhún (cómic): La resistencia (2ª parte), SM

Andreu Martín e Jaume Ribera: Flanagan, solo Flanagan, Anaya

R. J. Palacio: La historia de Julian, Nube de tinta

Carlos Ruiz Zafón: El príncipe de la niebla, Edebé

Skawaai: Romance bajo las máscaras, Now Evolution

**Lingua Estranxeira:**

Na materia de lingua estranxeira inglés empregaremos os seguintes materiais:

- Recursos audiovisuais auténticos.
- Actividades interactivas subidas polo profesor a EDIXGAL.
- Equipos informáticos.
- Plataforma de aprendizaxe EDIXGAL.
- Materiais tanxibles (libras, flashcards, ticktets, etc.).

O material utilizado será variado, e presentado tanto en formato papel como dixital. Os alumnos presentarán tarefas e proxectos en formato papel e dixital, e incluírán o uso de vídeo ou audio cando proceda.

**5.1. Procedemento para a avaliación inicial**

A primeira semana do curso, como mínimo, dedicárase a avaliar as competencias e coñecementos do alumnado para obter a información de partida necesaria para poder abordar os novos contidos do curso. En todo caso, empregaranse instrumentos de avaliación variados (tanto orais coma escritos, individuais e de grupo) para poder analizar a situación dos coñecementos e habilidades en relación ás distintas disciplinas que integran o ámbito.

Con esta avaliación pretendemos:

- definir os coñecementos previos do alumnado, as súas competencias con relación ao currículo e as súas necesidades.
- determinar a intervención educativa que se vai efectuar, priorizando os aspectos deficitarios que se precisen para o desenvolvemento da habilidades funcionais propias da súa idade.
- concretar as estratexias de aprendizaxe que o alumno ou alumna emprega para a incorporación de novos coñecementos e habilidades, favorecendo así unha ensinanza máis eficaz.

En funcións dos resultados obtidos, adoptaranse as seguintes medidas:

- actividades de grupo que favorezan a colaboración e melloren ou optimicen o clima da aula.
- titorización entre iguais
- reforzo de contidos curriculares variando tanto as metodoloxías como as actividades: traballos en grupo, procura de información, elaboración de murais...
- asignar tarefas específicas e flexibilizar os tempos (dúas medidas máis doadas de aplicar no día a día ao traballar coa plataforma E-dixgal, que facilita distintos ritmos e niveis de aprendizaxe), ademais de ter en conta as características de cada alumno/a para os traballos colaborativos.

**5.2. Criterios de cualificación e recuperación**

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>11</b>	<b>8</b>	<b>19</b>	<b>8</b>	<b>4</b>	<b>8</b>	<b>4</b>	<b>9</b>	<b>4</b>	<b>4</b>
<b>Proba escrita</b>	0	0	0	100	65	100	65	100	60	50
<b>Táboa de indicadores</b>	100	100	100	0	35	0	35	0	40	50

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	<b>45</b>

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>4</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	<b>55</b>

### Cráterios de cualificación:

A avaliación será continua, formativa e integradora. No proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno/a non sexa o adecuado estableceranse medidas de reforzo en canto se detecten dificultades, procurando así a mellora do proceso de aprendizaxe. Realizaranse 3 avaliacións coas súas correspondentes cualificacións, segundo o calendario fixado pola Xefatura de estudos. Aínda que a Lingua estranxeira se imparta como unha materia á parte das demais, as catro materias que integran o Ámbito lingüístico e social cualificaranse cunha única nota global, outorgándolle o 25% do peso á nota de Inglés e o 75% á do resto do ámbito.

A continuación detállase o sistema de cualificación:

#### a) AVALIACIÓN DA LINGUA ESTRANXEIRA:

A avaliación nesta materia é continua e progresiva. O primeiro trimestre terá un peso do 30% da cualificación final. O segundo trimestre terá un peso do 30% da cualificación final. O terceiro trimestre terá un peso do 40% da cualificación final. A cualificación trimestral conformarase coa seguinte ponderación:

##### 1. COMPRESIÓN ORAL (CA1.1): 25%

Instrumentos de avaliación: Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta.

##### 2. COMPRESIÓN ESCRITA: (CA1.2 + CA1.3): 25%

Instrumentos de avaliación: Proba escrita (Cuestionarios de opción múltiple, preguntas de verdadeiro/falso, preguntas de completar, preguntas de relacionar e preguntas de resposta curta).

##### 3. PRODUCCIÓN ORAL (CA1.4 + CA1.7 + CA1.8 + CA1.9 + CA1.10 + CA3.1 + CA3.2 + CA3.3): 25%

Instrumentos de avaliación: Táboa de indicadores (Rúbrica, escala de observación, lista de cotexo).

##### 4. PRODUCCIÓN ESCRITA (CA1.5 + CA1.6 + CA2.1 + CA2.2 + CA2.3): 25%

Instrumentos de avaliación: Táboa de indicadores (Rúbrica, escala de observación, lista de cotexo).

- A cualificación final da materia obterase calculando a media ponderada dos tres trimestres. A avaliación será positiva cunha cualificación igual ou superior a 5.

- Todas as cualificacións redondearanse a partir de 0,5.

- Dado o carácter continuo e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro ou segundo trimestre, poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas. No caso dunha ponderación trimestral inferior a 5 pero coa terceira avaliación cualificada cunha nota igual ou superior a 5, o alumnado obterá un 5 na cualificación final da materia.

- Se un alumno ou alumna copiase durante a realización dunha proba, anularíase a pregunta copiada ou a totalidade da proba, segundo corresponda.

- O alumnado que non se presente a algunha das probas programadas poderá realizala noutra data sempre e cando a ausencia estea debidamente xustificada e documentada (xustificantes de organismos oficiais).

#### b) AVALIACIÓN DO RESTO DO ÁMBITO (Lingua castelá, Lingua galega e Xeografía e Historia)

1. Producións orais planificadas: 10%. Realizarase unha exposición oral planificada (individual ou en grupo) por trimestre. Avaliarase mediante unha rúbrica ou escala de valoración que se lle dará a coñecer previamente ao alumnado de xeito detallado.

2. Producións escritas e traballo diario: 25%. Recollerase un traballo por avaliación (individual ou en grupo) que aborde distintos contidos das tres materias. Dentro do traballo diario englobase a escoita e participación activa na aula ademais da realización das tarefas propostas tanto na clase coma na casa, respectando os prazos establecidos. Aínda que moitas actividades serán dixitais, o caderno é un complemento indispensable e valorarase que estea completo, corrixido, limpo e ordenado.

3. Libros de lectura: 15% (7,5%+7,5%). O alumnado deberá ler un libro en castelán e outro en galego en cada trimestre. A profesora proporcionará as listas de lectura, que serán flexibles. Ao inicio de cada trimestre darase información detallada sobre cada lectura e os instrumentos para a súa avaliación, entre os que figuran a lectura guiada na aula, elaboración de distintos traballos sobre a lectura, probas escritas e/ou probas orais. Ademais, en cada trimestre, tamén se poderán ler voluntariamente outros dous libros da biblioteca de aula, que computarán ata 0,25 puntos cada un sobre a nota media da avaliación; para acadar esta puntuación a maiores o alumnado deberá realizar

unha pequena proba oral na data acordada coa profesora.

4. Exames: 50%. Realizaranse 3 exames por trimestre, un de cada materia que integra esta parte do ámbito. No caso de que a extensión ou a tipoloxía dos contidos o aconsellen, algún exame poderase dividir en dúas partes. Para obter a nota deste apartado calcularase a media aritmética das tres probas e logo efectuarase a ponderación correspondente; non obstante, se non se obtivese unha nota mínima de 3 puntos nalgún dos exames, esa parte non se sumaría para o cálculo deste apartado na avaliación.

Das cualificacións dos traballos e probas escritas e mais dos exames restarase ata 1 punto por erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos; os erros moi graves (non uso de maiúsculas, pronomes mal colocados, emprego de tempos compostos -en galego- ou palabras mal copiadas) descontarán 0,1 cada un e o resto 0,1 cada 2 erros. Tamén se poderá descontar ata 0,5 puntos por deficiencias na presentación dos escritos (ausencia de marxes, caligrafía ilexible ou abundancia de borrachos ou riscos).

Se un alumno ou alumna copiase durante a realización dunha proba, anularíase a pregunta copiada ou a totalidade da proba, segundo corresponda.

O alumnado que non se presente a algunha das probas programadas poderá realizala noutra data sempre e cando a ausencia estea debidamente xustificada e documentada.

A nota de cada avaliación calcularase sumando os distintos elementos avaliados, debidamente ponderados (25% a Lingua estranxeira e 75% o resto do ámbito), mentres que a final será a media aritmética das tres avaliacións. Considerarase superado o ámbito cando se obteña unha nota (antes do redondeo) de 4,5 puntos ou superior.

### **Crterios de recuperación:**

Recuperación da Lingua estranxeira

Dado o carácter continuado e progresivo da materia, unha cualificación negativa no primeiro trimestre poderá ser recuperada cunha nota igual ou superior a 5 nos seguintes trimestres, sen necesidade de repetir probas. No caso dunha ponderación trimestral inferior a 5 pero coa terceira avaliación calificada cunha nota igual ou superior a 5, o alumnado obterá un 5 na calificación final da materia

Recuperación do resto do Ámbito

Con carácter xeral, a recuperación das avaliacións suspensas realizaranse ao inicio do seguinte trimestre para a 1ª e 2ª e antes da avaliación final no caso da 3ª. Haberá que recuperar unicamente as partes suspensas. Os libros non lidos ou suspensos recuperaranse mediante unha proba oral e o resto mediante probas escritas ás que se incorporarán os contidos das producións escritas recollidas. Neste caso, para volver calcular a nota das avaliacións suspensas despois da recuperación, outorgaráselle o 85% do peso ás probas escritas (sen nota mínima por materia) e o 15% ás lecturas.

A cualificación final do Ámbito obterase, novamente, mediante a media aritmética das tres avaliacións.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Neste curso temos 3 persoas con materias pendentes de 2ºESO ou mesmo de 1ºESO das integradas no Ámbito Lingüístico e Social. Segundo o DECRETO 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 25, punto 4: "As materias de cursos anteriores integradas nalgún dos ámbitos consideraranse superadas se se supera o ámbito correspondente.", polo que non procede ningunha concreción a maiores.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

O reducido número de alumnado vai nos facilitar atendelo de xeito individualizado. Unha vez fixados os obxectivos básicos, as profesoras procurarán:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexibles (dentro do que permiten os números).
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e as competencias do alumnado.

Para isto poden ser de utilidade para o profesorado os diversos materiais de reforzo e ampliación que aparecen en distintos libros de texto en papel, ben como cadernos á parte (caso dos de Rodeira ou de Xerais), ben os incluídos no libro do profesorado (coma nos de Xerais, Santillana, Vicens Vives ou Anaya). Ademais disto, os materiais dixitais que

fornece E-dixgal contan con numerosas actividades que poden servir de reforzo e/ou ampliación segundo as necesidades de cadaquén.

Dentro do grupo hai un alumno con TDAH e outro con TEA, aos que se lles aplicarán as medidas que establecen os respectivos protocolos, sobre todo no referido aos tempos das tarefas/exames e ao seu formato, ademais de revisar con eles os enunciados das preguntas cando fose necesario.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a igualdade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - ODS					X			
ET.3 - Prexuízos lingüísticos				X				X
ET.4 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X		X		X
ET.6 - A comunicación audiovisual		X						
ET.7 - O emprendemento social e empresarial		X			X			
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico		X			X		X	
ET.9 - Educación emocional	X							
ET.10 - A creatividade	X	X	X					

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.1 - Educación para a igualdade	X	X					
ET.2 - ODS			X				X
ET.3 - Prexuízos lingüísticos					X		
ET.4 - Comprensión lectora		X	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita		X	X	X	X	X	X
ET.6 - A comunicación audiovisual		X	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial						X	
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico	X				X		

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	UD 13	UD 14	UD 15
ET.9 - Educación emocional				X			X
ET.10 - A creatividade		X	X	X	X	X	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Concerto sobre cantigas medievais galego-portuguesas	Xoán Curiel dará un concerto do seu disco Treides comigo! baseado nas cantigas medievais, pintarase un mural alusivo ao Reino de Galiza e traballarase a unidade didáctica específica.	X		
Visitas artístico-literarias	Encontro con escritoras ou escritores no centro ou fóra del, obradoiros literarios.		X	X
Participación nas actividades do Día da Poesía e Día do libro	O alumnado participará nas dinámicas que para eses días propoñerán do Departamento de Lingua galega e a biblioteca.		X	
Visitas a monumentos, exposicións, proxeccións...	Saídas do alumnado para visitas artísticas, exposicións ou proxeccións de cine relacionadas co currículo.		X	X

### Observacións:

As actividades propostas polo Departamento de Lingua galega, agás a 1ª, aínda non se poden concretar máis.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación.
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións oportunas.
Conseguíuse seguir a temporalización prevista das unidades didácticas e das distintas actividades.
Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
Metodoloxía empregada
Os procedementos e instrumentos de avaliación utilizados foron adecuados.
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.



Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais como específicos da materia e das TIC.
Os recursos didácticos cos que contou o profesorado foron adecuados e suficientes.
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetires/as.
Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais como de procedencia.
Consegiuse un ambiente propicio para a aprendizaxe, sen condutas disruptivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose contacto regular coas familias e foron informadas cando o solicitaron.
Traballouse en coordinación co resto do equipo docente.

### Descrición:

Cada un dos ítems anteriores será valorado numericamente e os seus resultados reflectiranse na memoria final, de cara a corrixir as deficiencias que se detecten para o vindeiro curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao comezo do curso o profesorado informará ao alumnado sobre os instrumentos, procedementos e criterios de cualificación, que tamén se farán públicos a través da web do centro, onde estarán accesibles para a súa consulta durante o curso académico.

O seguimento da programación realizarase a través da aplicación PROENS e tamén se deixará constancia dos aspectos máis relevantes e das propostas de mellora nas actas do departamento unha vez por mes. Os acordos e/ou recomendacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica que lle poidan afectar a algún aspecto da programación tamén serán tidos en conta para realizar as modificacións oportunas.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Consegiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.

## 9. Outros apartados